

## Protocolo de actuación para o persoal de administración e servizos (PAS) da Universidade de Vigo, en relación co coronavirus COVID-19.

Á vista da situación derivada da aparición e evolución do coronavirus COVID-19, adóptanse as seguintes medidas para o persoal laboral de administración e servizos, sempre baixo a premisa de quedar garantida a prestación dos servizos públicos.

1. Establécese, desde o próximo luns 16 de marzo unha xornada laboral de 25 horas á semana, de luns a venres de 09:00 a 19:00 horas.
2. Flexibilidade da xornada laboral. As persoas responsables dos servizos, unidades e áreas, permitirán a flexibilización da xornada laboral do persoal, dando prioridade ao persoal que teña ao seu cargo menores de 12 anos ou maiores dependentes e se vexa afectado, de ser o caso, polo peche de centros educativos ou de maiores.
3. Así mesmo facilitarase ao persoal a realización da modalidade non presencial de traballo, sempre que o posto de traballo permita o seu desempeño.
4. O persoal especialmente sensible (empregadas embarazadas, e empregadas/os públicos con patoloxías recorrentes ou enfermidades crónicas) poderán ausentarse do posto de traballo.
5. No caso de que sexa imprescindible para o persoal que teña ao seu cargo menores de 12 anos ou maiores dependentes e se vexa afectado, de ser o caso, polo peche de centros educativos ou de maiores, permitirase a permanencia do persoal no seu domicilio, tendo a consideración de deber inescusable de conformidade co disposto no artigo 117 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia. Correspóndelle á xerencia a pertinente autorización neste suposto.

No caso de que ambos os proxenitores ou responsables do maior dependente teñan a condición de empregados públicos, non se poderá empregar esta medida simultaneamente.

Vigo, 13 de marzo de 2020

*(documento asinado dixitalmente)*